



Mª DO PILAR SAMPEDRO LARANGA, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte solicitude para a súa inclusión no pleno ordinario do mes de setembro de 2015 en relación a un **VADO DE EMERXENCIAS PARA MINUSVALÍAS** así como a especificidade no tempo da zona de estacionamento prohibido diante do *Centro de Saúde de Palmeira*.

EXPÓN:

Coa comunicación que esta concelleira mantén acotío coa veciñanza xorden propostas que non por ser en aparencia miúdas deixan de ser moi importantes para a xente que por desgraza as sofre.

A diario acoden persoas con minusvalías físicas ao Centro de Saúde de Palmeira co fin de ser atendidos polos servizos sanitarios (consultas médicas, curas e seguimentos de enfermería...) Ditas persoas teñen que ser axudados por familiares ou achegados os cales se atopan co inconveniente de ter que deixar o seu vehículo no aparcadoiro reservado a minusválidos mais próximo, pero que non solventa a problemática de ter que efectuar un considerable esforzo para o traslado de ditos pacientes dende o aparcadoiro de minusválidos ata o punto de atención primaria.

Se ben sabemos que existe en fronte do Centro un sinal horizontal e vertical que prohiben o aparcamento consideramos que non é a solución pois non especifica uso concreto algún mais que a mera prohibición en si e cuxa zona está a ser usada polo persoal sanitario que alí traballa, o cal cremos que é oportuno.

SOLICITA:

Que o goberno municipal dote dunha praza , non de uso ordinario senón de emerxencia, quer sexa na mesma zona de prohibido aparcar quer sexa anexa a esta para poder ser usada por xente que se vexa na obriga de ter que trasladar ao Centro a persoas coa problemática antes exposta.

Solicítase asemade que no sinal vertical de prohibición se especifique o horario desta prohibición que consideramos que debería ser o tempo e días en que os servizos sanitarios están activos dado que unha vez concluídos estes quedarían 3 prazas de aparcamento a maiores dado que o persoal do Centro xa non as necesita e tratándose dunha zona concorrida por ter servizo de cafetería, ensaios, confraría, etc.

Ribeira, 24 de setembro de 2015.

Asdo.: María do Pilar Sampedro Laranga
Concelleira do Grupo Municipal do BNG.